

SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO ALCALDE POLA TAXA DO LIXO

PLENO 30 ABRIL 2015. ACTA 08/2015

Chegáronnos moitas queixas da veciñanza sobre a taxa da recollida do lixo, nas que nos transmitiron que pasaron de pagar a cota reducida a pagar a cota normal. A maioría destas reclamacións veñen porque non teñen recollida diaria ou porque viven a máis de 100 metros do contedor máis próximo, ou por unha combinación das dúas causas.

Temos coñecemento de que mediante resolucións de alcaldía denegáronse 35 reclamacións. Non sabemos se hai máis, porque a pesares de que as pedimos por rexistro hai semanas, non se nos facilitou a resposta; aínda que temos constancia de que a contestación a este rexistro está feita, pero téñena retida en alcaldía como xa fixeron en varias ocasións. Logo traen mocións sobre transparencia, pero o de practicala gobernando o Concello lévano moi mal.

Polo tanto, **solicitamos a comparecencia do alcalde** para que nos explique o procedemento para denegar estas reclamacións, como se estableceron as zonas de recollida e os aumentos de frecuencia de alterna a diaria nalgunhas destas zonas.

O alcalde sinala que as portas estiveron abertas aos membros de AER na lexislatura e non se lle poden dar clases de transparencia xa que teñen dous AZ de contestacións á agrupación. Indica que hai un contrato con URBASER no que se fixan zonas para recollida diaria ou alterna e iso se reflexa nos padróns aínda que hai lagoas difíciles de interpretar. Di que a idea é que a próxima corporación debata unha ordenanza e clarexe este tipo de cuestións.

O concelleiro BLANCO PEREZ di que os veciños xa están afectados e sen embargo o goberno fai caso ao informe de Urbaser cando se plantexa o problema. Pide que se faga un estudio para saber por qué nalgunhas zonas hai recollida diaria cando non é necesaria. Pensa que houbo falta de información aos veciños.

O alcalde insiste en que no contrato con Urbaser do ano 2007 se estableceron as zonas de recollida diaria e alternas e quen cobra é o Concello non a empresa directamente. Di que os técnicos fan os informes non el.